

# INFORME SOBRE A ENQUISA TRIMESTRAL DE CUSTO LABORAL

**Primeiro trimestre de 2021**

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2021

## Enquisa trimestral de custo laboral (ETCL). Primeiro trimestre de 2021

- O custo laboral das empresas rexistrou en Galicia unha taxa de variación anual do 0,0% no primeiro trimestre de 2021; no conxunto de España a taxa foi do 1,4%. O custo laboral total en Galicia é de 2.324,29 euros, 281,32 euros inferior á media nacional (2.605,61 euros).
- O custo salarial diminuíu en Galicia un 0,2% no primeiro trimestre de 2021 con respecto ao mesmo período do ano anterior e en España aumentou un 1,0%. O custo salarial en Galicia sitúase nos 1.690,70 euros, mentres que a media do conxunto de España é de 1.907,82 euros.
- O custo laboral por hora efectiva aumenta un 2,3% en Galicia e un 3,5% en España no primeiro trimestre do ano.
- O custo laboral aumenta en trece comunidades autónomas.
- A xornada semanal media pactada é de 34,9 horas semanais en Galicia e de 34,5 horas en España.


Custo laboral. Primeiro trimestre de 2021			
Taxa de variación anual do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
0,0	<b>Custo total</b>	2.324,29	0,0
-0,1	<b>Custo salarial total</b>	1.690,70	-0,2
	<b>Outros custos</b>	633,59	0,4
0,3	<b>Cotizacións obrigatorias</b>	589,73	1,0
-0,1	<b>Percepcións non salariais</b>	53,63	-4,5
0,1	<b>Subvencións e bonificacións<sup>(1)</sup></b>	9,77	13,9

<sup>(1)</sup> As subvencións subtráense dos outros custos

## 1. Custo laboral segundo os seus compoñentes

O custo laboral por traballador e mes acada os 2.324,29 euros no primeiro trimestre de 2021, co que se mantén estable respecto ao mesmo trimestre do ano anterior. En España o custo laboral aumenta un 1,4% e supera en 281,32 euros o custo laboral en Galicia.

O seguinte gráfico amosa a evolución do custo laboral por traballador e mes.



O custo laboral pode desagregarse en dous grupos: custo salarial e outros custos.

- O **Custo salarial**, que comprende salario base, complementos salariais, pagos por horas extraordinarias, pagos extraordinarios e pagos atrasados, medidos en termos brutos, acada os 1.690,70 euros por traballador e mes en Galicia, o que supón un descenso do 0,2%. En España, o custo salarial crece un 1,0%.
- Se se exclúe o factor variable dos salarios (pagos extraordinarios e atrasados), obtense o custo salarial ordinario, que aumenta o 1,4% en Galicia, acadando os 1.587,46 euros. En España, o custo salarial ordinario é de 1.712,55 euros, cun incremento do 1,1% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior.
- Os **Outros custos**, que comprenden principalmente as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e as percepcións non salariais (indemnizacións, prestacións sociais,...) sitúanse en 633,59 euros en Galicia, co que aumentan un 0,4%; en España crecen un 2,5%, ata os 697,79 euros.

## 2. Custo laboral segundo actividade económica

Desagregando segundo sectores de actividade económica, o custo laboral total diminúe na industria mentres que aumenta nos servizos.

Na **Industria** o Custo total diminúe un 4,5% debido principalmente ao descenso do Custo salarial total, -5,6%.

INDUSTRIA. Primeiro trimestre de 2021			
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
-4,5	<b>Custo total</b>	2.757,0	-4,5
-4,1	<b>Custo salarial total</b>	1.993,1	-5,6
	<b>Outros custos</b>	763,9	-1,4
-0,5	<b>Cotizacións obrigatorias</b>	702,4	-1,9
0,0	<b>Percepcións non salariais</b>	67,8	1,0
-0,1	<b>Subvencións e bonificacións<sup>(1)</sup></b>	6,4	-25,7

<sup>(1)</sup> As subvencións subtráense dos outros custos

O Custo total na **Construción** mantense estable, cun incremento do Custo salarial total, 0,7%, e unha diminución dos Outros custos, -1,4%.

CONSTRUCCIÓN. Primeiro trimestre de 2021			
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
0,0	<b>Custo total</b>	2.504,0	0,0
0,5	<b>Custo salarial total</b>	1.693,9	0,7
	<b>Outros custos</b>	810,1	-1,4
0,3	<b>Cotizacións obrigatorias</b>	700,6	1,0
-0,8	<b>Percepcións non salariais</b>	113,4	-14,7
-0,1	<b>Subvencións e bonificacións<sup>(1)</sup></b>	3,8	-27,2

<sup>(1)</sup> As subvencións subtráense dos outros custos

Nos **Servizos** o Custo total aumenta un 1,3% como consecuencia do incremento do Custo salarial total, 1,4% e dos Outros custos, 1,1%.

SERVIZOS. Primeiro trimestre de 2021			
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
1,3	<b>Custo total</b>	2.204,6	1,3
1,0	<b>Custo salarial total</b>	1.617,9	1,4
	<b>Outros custos</b>	586,7	1,1
0,5	<b>Cotizacións obrigatorias</b>	552,9	1,9
-0,1	<b>Percepcións non salariais</b>	44,9	-3,6
0,1	<b>Subvencións e bonificacións<sup>(1)</sup></b>	11,1	25,2

O custo laboral na Industria e nos Servizos en Galicia é inferior en máis de 300 euros á media nacional; na Construción a diferenza é menor, en torno a 70 euros inferior en Galicia.

### 3. Tempo de traballo

No primeiro trimestre de 2021, a xornada semanal media pactada en Galicia é de 34,9 horas semanais, e destas, pérdense 6,0 horas semanais. En España, a xornada semanal pactada é de 34,5 horas, das que se perden 5,6 horas semanais.

Se se engaden horas extras e se restan as horas perdidas, a xornada efectiva é de 29,1 horas semanais en Galicia e de 29,0 horas no conxunto do Estado.


O custo laboral total por hora efectiva aumenta en Galicia un 2,3% e en España un 3,5%.

Custo laboral por hora efectiva. Primeiro trimestre de 2021		
	Euros	Taxa interanual
<b>Galicia</b>		
<b>Custo laboral total</b>	<b>18,4</b>	<b>2,3</b>
Custo salarial total	13,4	2,1
Outros custos	5,0	2,7
<b>España</b>		
<b>Custo laboral total</b>	<b>20,6</b>	<b>3,5</b>
Custo salarial total	15,1	3,1
Outros custos	5,5	4,5

Fonte: INE

#### 4. Custo laboral corrixido de estacionalidade e calendario

Se eliminamos os efectos estacionais e de calendario, o custo laboral por traballador rexistra unha taxa do 0,0% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior.




#### 5. Custo laboral por comunidades autónomas

Por comunidades autónomas, o custo laboral máis elevado corresponde a País Vasco e Madrid, que supera en máis de 500 euros á media nacional, mentres que en Canarias e Extremadura o custo laboral é inferior á media nacional na mesma cantidade.

O custo laboral aumenta en once comunidades. Os maiores incrementos prodúcense en Murcia (3,9%) e Cataluña (3,5%). Os maiores descenso rexístranse en Illes Balears (-8,0%) e Canarias (-6,6%).

## Custo laboral total. 1º trimestre de 2021

### Taxas de variación en %



### Notas metodolóxicas

A Enquisa trimestral de custo laboral ten por obxectivo coñecer a evolución do custo laboral medio por traballador e por hora efectiva de traballo.

Investíganse os traballadores asalariados por conta allea asociados as Contas de Cotización á Seguridade Social incluídas no Réxime Xeral e cuxa actividade económica estea encadrada nas seccións B a S da CNAE-09 e no Réxime Especial de traballadores do mar e cuxa actividade económica é o transporte marítimo.

**Custo laboral:** custo no que incorre o empregador pola utilización de factor traballo. Comprende un amplo grupo de partidas que a enquisa recolle en dous bloques principais: custos salariais e outros custos.

**Custo salarial:** comprende todas as percepcións económicas realizadas aos traballadores, en efectivo ou en especie, pola prestación profesional dos servizos laborais por conta allea, xa retribúan o traballo efectivo, calquera que sexa a forma de remuneración, ou os períodos de descanso computables como de traballo.

**Outros custos:** inclúen as percepcións non salariais e as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social.

**Hora efectiva:** son as horas realmente traballadas tanto en períodos normais de traballo como en xornada extraordinaria, incluíndo as horas perdidas no lugar de traballo, que teñen a consideración de tempo efectivo en virtude da normativa vixente.

**Custo laboral por traballador e mes:** mide o custo que supón para o empresario empregar a un traballador durante un mes.

**Custo laboral por hora efectiva de traballo:** mide o custo que supón para o empresario unha hora efectiva de traballo.

O custo debe ser medido en termos netos para o empregador, é dicir, deducindo as diversas subvencións recibidas.



# Anexo cadros

Cadro 1.- Custo laboral por sectores económicos segundo os seus compoñentes. Primeiro trimestre de 2021

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual
<b>Galicia</b>								
<b>Custo laboral total</b>	<b>2.324,29</b>	<b>0,0</b>	<b>2.756,98</b>	<b>-4,5</b>	<b>2.504,02</b>	<b>0,0</b>	<b>2.204,55</b>	<b>1,3</b>
<b>Custo salarial total</b>	<b>1.690,70</b>	<b>-0,2</b>	<b>1.993,13</b>	<b>-5,6</b>	<b>1.693,92</b>	<b>0,7</b>	<b>1.617,86</b>	<b>1,4</b>
Custo salarial ordinario	1.587,46	1,4	1.827,76	-2,4	1.653,37	0,0	1.523,97	2,6
<b>Outros custos</b>	<b>633,59</b>	<b>0,4</b>	<b>763,85</b>	<b>-1,4</b>	<b>810,10</b>	<b>-1,4</b>	<b>586,69</b>	<b>1,1</b>
Cotizacións obrigatorias	589,73	1,0	702,43	-1,9	700,55	1,0	552,87	1,9
Percepcións non salariais	53,63	-4,5	67,80	1,0	113,36	-14,7	44,94	-3,6
Subvencións e bonificacións	9,77	13,9	6,37	-25,7	3,82	-27,2	11,12	25,2
<b>España</b>								
<b>Custo laboral total</b>	<b>2.605,61</b>	<b>1,4</b>	<b>3.100,44</b>	<b>2,0</b>	<b>2.574,65</b>	<b>1,6</b>	<b>2.519,06</b>	<b>1,2</b>
<b>Custo salarial total</b>	<b>1.907,82</b>	<b>1,0</b>	<b>2.248,24</b>	<b>1,4</b>	<b>1.771,89</b>	<b>1,4</b>	<b>1.857,07</b>	<b>0,8</b>
Custo salarial ordinario	1.712,55	1,1	1.972,70	1,0	1.676,13	2,1	1.668,59	1,0
<b>Outros custos</b>	<b>697,79</b>	<b>2,5</b>	<b>852,20</b>	<b>3,6</b>	<b>802,76</b>	<b>1,9</b>	<b>661,99</b>	<b>2,3</b>
Cotizacións obrigatorias	634,09	1,6	767,97	1,8	718,80	2,2	603,54	1,5
Percepcións non salariais	74,12	10,0	92,83	20,4	89,59	-1,5	69,58	9,0
Subvencións e bonificacións	10,42	-2,3	8,60	-5,1	5,63	-16,1	11,12	-1,2

Fonte: INE

Cadro 2.- Custo laboral por hora efectiva. Primeiro trimestre de 2021

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual
<b>Galicia</b>								
<b>Custo laboral total</b>	<b>18,4</b>	<b>2,3</b>	<b>19,7</b>	<b>-2,1</b>	<b>17,6</b>	<b>-0,6</b>	<b>18,1</b>	<b>3,9</b>
Custo salarial total	13,4	2,1	14,2	-3,3	11,9	0,1	13,3	4,0
Custo salarial ordinario	12,6	3,7	13,0	0,0	11,6	-0,7	12,5	5,2
Outros custos	5,0	2,7	5,5	1,1	5,7	-1,9	4,8	3,6
<b>España</b>								
<b>Custo laboral total</b>	<b>20,6</b>	<b>3,5</b>	<b>21,9</b>	<b>2,3</b>	<b>17,6</b>	<b>1,6</b>	<b>20,7</b>	<b>3,9</b>
Custo salarial total	15,1	3,1	15,9	1,8	12,1	1,4	15,2	3,5
Custo salarial ordinario	13,6	3,2	13,9	1,4	11,5	2,1	13,7	3,7
Outros custos	5,5	4,5	6,0	3,8	5,5	1,9	5,4	5,0

Fonte: INE

Cadro 3.- Horas semanais por traballador e mes<sup>1</sup>. Primeiro trimestre de 2021

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas
<b>Galicia</b>								
<b>Ambas xornadas</b>	<b>29,1</b>	<b>6,0</b>	<b>32,3</b>	<b>5,8</b>	<b>32,8</b>	<b>5,4</b>	<b>28,0</b>	<b>6,0</b>
Tempo completo	32,5	6,6	32,3	6,1	33,7	5,7	32,0	6,9
Tempo parcial	16,3	3,4	18,8	3,3	19,0	0,9	16,0	3,4
<b>España</b>								
<b>Ambas xornadas</b>	<b>29,0</b>	<b>5,6</b>	<b>32,6</b>	<b>5,3</b>	<b>33,7</b>	<b>4,3</b>	<b>28,0</b>	<b>5,8</b>
Tempo completo	32,6	6,3	33,9	5,6	34,9	4,5	32,1	6,6
Tempo parcial	16,4	3,5	18,1	2,6	18,1	1,8	16,3	3,6

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos difundidos polo INE

<sup>1</sup> A efectos de cálculo, considéranse 4,35 semanas ao mes

Cadro 4.- Custo laboral total. Primeiro trimestre de 2021

	Custo laboral por traballador e mes			Custo laboral por hora efectiva		
	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual
<b>España</b>	<b>2.605,6</b>	<b>102,5</b>	<b>1,4</b>	<b>20,6</b>	<b>104,4</b>	<b>3,5</b>
Andalucía	2.273,5	99,2	0,5	18,4	102,3	3,3
Aragón	2.469,1	102,2	3,1	19,4	101,0	2,9
Asturias	2.576,5	100,2	-0,9	20,5	100,6	0,7
Balears, Illes	2.253,5	94,6	-8,0	19,3	107,9	-0,3
Canarias	2.028,8	93,9	-6,6	17,3	105,1	2,0
Cantabria	2.487,1	102,4	2,0	19,3	104,1	3,8
Castilla y León	2.333,1	100,4	2,0	18,4	99,4	2,1
Castilla-La Mancha	2.310,2	102,2	1,3	18,2	102,8	2,1
Cataluña	2.775,6	103,1	3,5	21,9	104,5	5,2
Comunitat Valenciana	2.376,8	105,0	2,2	19,0	106,9	3,5
Extremadura	2.097,6	100,0	1,2	17,1	102,6	5,5
<b>Galicia</b>	<b>2.324,3</b>	<b>103,4</b>	<b>0,0</b>	<b>18,4</b>	<b>105,9</b>	<b>2,3</b>
Madrid	3.151,3	104,8	0,9	23,9	105,6	3,5
Murcia	2.338,5	100,9	3,9	18,3	101,5	4,0
Navarra	2.802,4	105,6	1,4	22,2	103,1	2,3
País Vasco	3.111,0	105,5	3,1	25,0	103,1	2,6
Rioja, La	2.287,4	97,7	0,6	18,0	97,1	2,3

Fonte: INE

Cadro 5.- Custo salarial. Primeiro trimestre de 2021

	Custo salarial por traballador e mes			Custo salarial por hora efectiva		
	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual
<b>España</b>	<b>1.907,8</b>	<b>100,5</b>	<b>1,0</b>	<b>15,1</b>	<b>102,4</b>	<b>3,1</b>
Andalucía	1.638,4	96,6	-0,3	13,3	99,5	2,6
Aragón	1.786,5	99,6	3,5	14,0	98,4	3,3
Asturias	1.878,0	97,3	-1,7	14,9	97,7	-0,1
Balears, Illes	1.639,1	93,2	-8,7	14,0	106,1	-1,1
Canarias	1.467,8	92,3	-6,2	12,5	103,3	2,4
Cantabria	1.755,1	97,1	0,6	13,6	98,7	2,3
Castilla y León	1.691,3	98,4	1,4	13,3	97,4	1,5
Castilla-La Mancha	1.667,7	99,8	1,0	13,1	100,4	1,9
Cataluña	2.033,1	100,8	3,3	16,0	102,2	4,9
Comunitat Valenciana	1.729,9	102,7	1,5	13,8	104,6	2,7
Extremadura	1.520,7	97,6	1,7	12,4	100,1	6,1
<b>Galicia</b>	<b>1.690,7</b>	<b>102,2</b>	<b>-0,2</b>	<b>13,4</b>	<b>104,7</b>	<b>2,1</b>
Madrid	2.371,1	104,0	0,4	18,0	104,9	3,0
Murcia	1.683,8	97,7	3,4	13,1	98,2	3,5
Navarra	2.023,8	103,0	0,9	16,0	100,6	1,7
País Vasco	2.259,4	102,5	2,7	18,2	100,2	2,3
Rioja, La	1.660,2	94,8	0,0	13,1	94,2	1,8

Fonte: INE

Cadro 6.- Outros custos. Primeiro trimestre de 2021

	Outros custos por traballador e mes			Outros custos por hora efectiva		
	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual
<b>España</b>	<b>697,8</b>	<b>108,4</b>	<b>2,5</b>	<b>5,5</b>	<b>110,2</b>	<b>4,5</b>
Andalucía	635,2	106,8	2,5	5,1	110,1	5,3
Aragón	682,7	109,8	2,1	5,4	108,5	1,9
Asturias	698,5	108,8	1,2	5,6	109,3	3,0
Balears, Illes	614,4	98,6	-6,3	5,3	112,9	1,7
Canarias	561,0	98,3	-7,5	4,8	110,1	1,1
Cantabria	731,9	117,7	5,7	5,7	119,6	7,6
Castilla y León	641,8	106,0	3,5	5,1	105,0	3,7
Castilla-La Mancha	642,5	108,9	2,2	5,1	109,5	2,8
Cataluña	742,5	110,1	4,2	5,9	111,4	6,0
Comunitat Valenciana	647,0	111,5	4,2	5,2	113,4	5,5
Extremadura	576,9	106,8	-0,2	4,7	109,8	4,2
<b>Galicia</b>	<b>633,6</b>	<b>106,8</b>	<b>0,4</b>	<b>5,0</b>	<b>109,2</b>	<b>2,7</b>
Madrid	780,2	107,0	2,4	5,9	107,6	4,8
Murcia	654,7	110,5	5,3	5,1	111,1	5,4
Navarra	778,5	112,9	2,8	6,2	110,4	3,7
País Vasco	851,6	114,4	4,1	6,9	111,7	3,6
Rioja, La	627,2	106,6	2,1	4,9	105,8	3,8

Fonte: INE